

PROGRAMA DE TURISMO IMSERSO

DESTINATARIOS/AS

1. Persoas residentes en España que reúnan algún dos seguintes requisitos:

- a) Ser pensionista de xubilación do sistema de Seguridade Social español.
- b) Ser pensionista de viuvez con cincuenta e cinco o máis anos de idade do sistema de Seguridade Social español.
- c) Ser pensionista por outros conceptos do sistema de Seguridade Social español ou percibir prestación ou subsidios de desemprego, con 60 anos cumpridos ou máis anos de idade.
- d) Ser asegurado/a ou beneficiario/a do Sistema da Seguridade Social español, con sesenta e cinco anos cumpridos ou máis anos de idade.

2. Españois residentes no estranxeiro sempre que reúnan algún dos requisitos incluídos en el apartado 1.a).

3. Españois de orixe emigrante que retornasen a España, sempre que sexan pensionistas dos sistemas públicos de Seguridade Social do país ao que emigrara.

As persoas usuarias poderán ir **acompañadas polo seu cónxuxe, parella de feito ou persoa coa que manteña unha unión estable e de convivencia** con análoga relación de afectividade á conxugal, sen necesidade de que estes reúnan os requisitos de idade ou pensión.

Tamén, poderán ir **acompañadas dos/das fillos/as con discapacidade**, cun grao igual ou superior ao **45 por cento**, sempre que viaxen cos seus país e se aloxen na mesma habitación ou, no seu caso, abonen o suplemento establecido para habitacións dobres de uso individual, suxeito á dispoñibilidade de prazas.

En todo caso, as persoas usuarias de prazas e os seus acompañantes deben valerse por si mesmas para realizar as actividades básicas da vida diaria.

MODALIDADES DE VIAXE

- Zona **Costa Peninsular**: 10 ou 8 días en: Andalucía, Murcia, Valencia e Cataluña.
- Zona **Costa Insular**: 10 ou 8 días nas zonas da Costa Insular (Canarias e Baleares).
- **Turismo de Interior**: estancias de 4, 5 y 6 días, para os seguintes tipos de viaxes:
 1. Circuitos culturais.
 2. Turismo de natureza.
 3. Viaxes a capitais de provincia.
 4. Viaxes ás cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

Destinos	Prezos
Zona Costeira Peninsular: Estancias 10 días (9 noites) Andalucía, Cataluña, Murcia e C.Valenciana	Estancias 10 días (9 noites) 269,83 € Estancias 8 días (7 noites) 212,96 €
con transporte	
Zona Costeira Peninsular: Estancias 10 días (9 noites) Andalucía, Cataluña, Murcia e C.Valenciana	Estancias 10 días (9 noites) 235,95 € Estancias 8 días (7 noites) 196,02 €
sen transporte	
Zona Costeira Insular: Estancias 10 días (9 noites) Illes Balears con transporte	Estancias 10 días (9 noites) 308,37 € Estancias 8 días (7 noites) 248,96 €
Zona Costeira Insular: Estancias 10 días (9 noites) Illes Balears sen transporte	Estancias 10 días (9 noites) 236,07 € Estancias 8 días (7 noites) 195,78 €
Zona Costeira Insular: Estancias 10 días (9 noites) Canarias con transporte	Estancias 10 días (9 noites) 405,53 € Estancias 8 días (7 noites) 330,51 €
Zona Costeira Insular: Estancias 10 días (9 noites) Canarias sen transporte	Estancias 10 días (9 noites) 235,95 € Estancias 8 días (7 noites) 195,72 €
	Circuitos culturais 6 días (5 noites) 272,71 €
	T. natureza 5 días (4 noites) 266,81 €
Turismo Interior	Capitais de provincia 115,98 € 4 días (3 noites)
	Ceuta ou Melilla 5 días (4 noites) 266,81 €

Estes prezos poderán minorarse para as persoas que conten con recursos económicos iguais ou inferiores ao importe das pensións non contributivas de xubilación e invalidez da Seguridade Social.

PRAZO DE SOLITUDE

Ata o venres 30 de xullo de 2021 para as novas solicitudes

As persoas que xa estean acreditadas no programa de turismo non teñen que realizar unha nova solicitude. Para estas persoas, **continúa aberta a renovación de datos** para a participación na tempada 2021-2022 se estes datos cambiaron. Este trámite, poderá facerse, a través dos servizos electrónicos da [Sede Electrónica del Imserso](#), empregando o número de referencia que aparece na carta de renovación, que proximamente recibirán nos seus enderezos.

MAÍS INFORMACIÓN

SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE TOURO

TELÉFONO: 981504029